

Informe da enquisa ao alumnado que accede a ADE no curso 2023/24

1. Datos xerais
2. Perfil do alumnado
3. Nivel académico de entrada
4. Perfil alumnado con nota de entrada igual ou menor a 8
5. Conclusións

1. DATOS XERAIS

- A enquisa foi contestada por 66 alumnos/as.
- O 93.9% deste alumnado accedeu ao grao a través da ABAU, mentres que a porcentaxe dos que acceden a través de Ciclos Superiores é do 4.5%.
- O 59.1% do alumnado que accede á titulación de ADE son mulleres, fronte ao 40.9% de homes.

Táboa 1. Alumnado ADE que accede á titulación segundo procedencia

TOTALS	Acceso			Preferencia	
	ABAU	CICLO	OUTROS	1ª PREFERENCIA	OUTRA
66	62	3	1	57	9
	93.9%	4.5%	1.5%	86.4%	13.6%

2. PERFIL DO ALUMNADO

➤ Preferencia pola titulación

- Dos/as 66 alumnos/as que accederon ao grao de ADE, o 86.4% indican que esta era a súa primeira preferencia, mentres que o 13.6% restante se divide entre os que a escolleron coma 2ª opción (7.6%) e coma 3ª opción ou máis (6.1%).
- No relativo ao tipo de acceso, o 14.5% do alumnado procedente da ABAU non escolleu ADE coma primeira opción.

Táboa 2. Alumnado ADE segundo procedencia e preferencia de estudos

ABAU		FP		Outro	
1ª preferencia		1ª preferencia		1ª preferencia	
Si	Non	Si	Non	Si	Non
85.5%	14.5%	100%	0	100%	0

- Se diferenciamos por homes/mulleres, a porcentaxe de alumnos que entran no grao en 1ª preferencia é algo superior no caso dos homes.

Táboa 3. Alumnado ADE segundo a preferencia de estudos e sexo

	Mulleres	Homes	Total
1ª pref.	82.1%	92.6%	86.4%
2ª pref. ou máis	17.9%	7.4%	13.6%

- En relación aos motivos polos que se escolle a titulación de ADE como 1ª opción, podemos apreciar como a vocación, é dicir, interese xeral polo ámbito da empresa, e unhas mellores perspectivas para o ámbito laboral supoñen conxuntamente o 92.93%. Por outra banda, é interesante considerar o caso do pragmatismo (5.3%), en especial para os homes e que ningún/unha estudante entrou na titulación porque a súa nota non lle permitira acceder a outra titulación

Táboa 4. Alumnado ADE 1ª preferencia segundo o motivo da escolla

Motivo da escolla	Total (%)	Muller (%)	Home (%)
Vocación (interese xeral polo ámbito da economía /empresa)	75.4	65.6	88.0
Ten unha mellor e maior saída laboral	17.5	28.1	4.0
Pragmatismo, non tiña ningunha vocación clara	5.3	3.1	8.0
Outros motivos	1.8	3.1	-
A nota acadada non permite acceder a outra titulación	-	-	-
<i>Total</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>

➤ Modalidade Bacharelato

- O 77.8% do alumnado enquisado de ADE procede do Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, mentres que a porcentaxe dos que cursaron o de Ciencias e Tecnoloxía é do 20.6%. Para o caso do Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais a porcentaxe de mulleres é 14.6 puntos superior á de home, mentres que para o outro Bacharelato comentado a porcentaxe é superior nos homes, concretamente en 10.7 puntos.
- O 91.8% do alumnado que cursou o Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais tivo ADE como primeira preferencia, algo coherente para as materias da modalidade. No caso do Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía esta porcentaxe é do 61.5%; cifra relativamente elevada.

Táboa 5. Alumnado ADE segundo bacharelato cursado e preferencia

	Total (%)	Muller (%)	Home (%)	1ª preferencia
Ciencias e tecnoloxía	20.6	16.2	26.9	61.5
Humanidades e CC Sociais	77.8	83.8	69.2	91.8
Outros	1.6	-	3.8	100.0
<i>Total</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>85.7</i>

- O interese xeral polo ámbito da empresa (vocación) e as mellores expectativas no ámbito laboral constitúen os dous principais motivos para a escolla do grao de ADE, tanto daqueles que cursaron o Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía como daqueles que cursaron o de Humanidades e Ciencias Sociais (73.3% e 75.0% respectivamente). O pragmatismo tamén é un motivo a considerar, sobre todo naqueles que realizaron o Bacharelato de Ciencias e tecnoloxía, representando o 12.5%. Esta porcentaxe é do 4.4% no outro Bacharelato comentado.

Táboa 6. Alumnado ADE segundo bacharelato cursado e motivo de escolla (1ª preferencia)

Motivo da escolla	Total (%)			Muller (%)			Home (%)		
	Ciencias Tecnoloxía	Humanid. CC Sociais	Outros	Ciencias Tecnoloxía	Humanid. CC Sociais	Outros	Ciencias Tecnoloxía	Humanid. CC Sociais	Outros
Vocación	75.0	73.3			67.9		100.0	82.4	100.0
Mellor e maior saída laboral	12.5	20.0		50.0	28.6			5.9	
Pragmatismo	12.5	4.4		50.0				11.8	
Outros motivos		2.2	100.0		3.6				
<i>Total</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>	<i>100.0</i>

➤ Coñecementos básicos previos

- A totalidade do alumnado cursou Matemáticas no Bacharelato. É importante diferenzar entre as diferentes Matemáticas que hai segundo o Bacharelato que esteamos a considerar, pois actualmente podemos encontrar dúas modalidades: Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais e Matemáticas II. Cada Bacharelato leva asociada fundamentalmente unha delas.
- Todo o alumnado procedente de Bacharelato de CC. Sociais e de Outros bacharelatos fixo materias de Economía.
- O 76.6% do alumnado que cursou o Bacharelato de Ciencias Sociais fixo a materia de Estatística. Esta cifra é algo superior no caso daqueles que realizaron o Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía, concretamente o 84.6.

Táboa 7. Alumnado ADE segundo bacharelato cursado e coñecementos básicos previos

	Economía	Estatística	Matemáticas
	Si (%)	Si (%)	Si (%)
Ciencias e tecnoloxía	38.5	84.6	100.0
Humanidades e CC Sociais	100.0	76.6	100.0
Outros	100.0	100.0	100.0

➤ Outras características

- Aproximadamente o 88.0% do alumnado que ingresou no grao de ADE cursou o Bacharelato nun centro público. No caso das mulleres esta porcentaxe é case 5 puntos superior á dos homes.

Táboa 8. Alumnado ADE segundo tipo de centro do bacharelato

	Total (%)	Muller (%)	Home (%)
Público	12.7	10.8	15.4
Privado	87.3	89.2	84.6
Total	100.0	100.0	100.0

- No relativo ás Bolsas, o 50.0% do alumnado declara que recibiu unha bolsa de estudo ou que está á espera de recibila. Deles/as, un 37.9% está a espera de recibila o que depende do período de resolución.
- O 92.4% do alumnado indica que non está a traballar paralelamente ao curso dos seus estudos. Dentro do grupo dos que traballan, o 1.5% declara que traballa menos de 15 horas semanais e un 6.1% traballa máis de 15 horas semanais.
- Un 89.4% do alumnado informouse previamente sobre o título e as materias que o conforman. Deles/as, o 79.7% do alumnado informouse sobre o título na páxina web da USC, un 13.6% por amizades e familiares e un 3.4% polas charlas informativas de orientación nos centros de estudo de ensino medio.

3. NIVEL ACADÉMICO DE ENTRADA


O dato que se emprega para medir o nivel académico é a nota de acceso ao grao. Esta, polo xeral, atópase sobre 14, pois é a nota máxima á que aspira un estudante que accede a través da ABAU. Sen embargo, non caso do estudantado que accede a través de ciclos ou outras vías ten unha nota sobre 10 puntos. Recalculáronse as notas que estaban sobre 10, establecéndoas sobre 14. Isto afecta aos estudantes que indicaron na enquisa a nota sobre 10.

Con estes datos, a nota media de entrada ao grao de ADE é 10.84, sendo a nota máis alta de acceso un 13.48, mentres que a máis baixa é un 6.57. A nota media é semellante ente homes e mulleres (10.35 e 11.18).

Táboa 9. Nota media de entrada do alumnado.

Muller	Home	Total
11.18	10.35	10.84

Figura 1. Distribución das notas de acceso a ADE (nº casos)




- Se temos en conta as preferencias, a nota media máis elevada atópase no grupo de estudantes que marcou a titulación de ADE como primeira preferencia, chegando ao 10.92. Por sexos, non se aprecian grandes diferenzas.

Táboa 10: Nota media segundo preferencia do alumno/a

Preferencia	Total	Muller	Home
1ª preferencia	10.92	11.31	10.45
2ª preferencia ou máis	10.31	10.62	9.20
Total	10.84	11.18	10.35

Figura 2. Distribución das notas de acceso a ADE (nº casos) segundo a orde de preferencia no acceso á titulación (1ª preferencia: Si/Non)



- Dentro do alumnado que escolleu a titulación de ADE como primeira opción a nota de acceso para aquel alumnado vocacional é en xeral superior á dos outros motivos de escolla da titulación. A nota media das mulleres é en xeral algo superior á dos homes agás no caso das “saídas laborais”.

Táboa 11. Nota media alumnado 1ª preferencia segundo motivo da escolla

Motivo da escolla	Total	Muller	Home
Vocación (interese xeral polo ámbito da economía /empresa)	11.01	11.62	10.45
Ten unha mellor e maior saída laboral	10.71	10.57	11.99
Pragmatismo, non tiña ningunha vocación clara	10.37	11.70	9.70
Outros motivos	11.32	11.32	
	10.92	11.31	10.45

- Se temos en conta o bacharelato cursado é o alumnado que proven do Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais o que entra cunha nota media máis baixa que a media do grupo de alumnado que provén do bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía.

Táboa 12. Nota media alumnado segundo tipo de bacharelato

Tipo de bacharelato	Total	Muller	Home
Ciencias e Tecnoloxía	11.32	12.34	10.98
Humanidades e CC Sociais	10.83	11.22	10.20
Outros	11.45		11.45

4. PERFIL ALUMNADO CON NOTA DE ENTRADA MENOR QUE 8

Soamente 1 estudante accedeu ao título cunha nota inferior a 8 puntos polo que se omite a análise

5. A MODO DE CONCLUSIÓN

- O número de alumnos é superior ao número de alumnas (59.1%-40.9%).
- O grao de ADE foi escollido por unha ampla maioría como 1ª preferencia (86.4%); superior no caso dos homes.
- O principal motivo de escolla da titulación é a vocación (máis do 75% do alumnado), mais tamén constitúe unha razón de peso as mellores perspectivas laborais que lles proporciona o estudo do grao.
- A maioría do alumnado que accedeu á titulación (en torno ao 78%) cursou o Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, sendo maior esta incidencia no caso das mulleres.
- Todo o alumnado entrevistado cursou materias de Matemáticas no Bacharelato. Ademais, a porcentaxe daqueles que estudaron contidos de Estatística tamén é elevado (77%). Os contidos de Economía non son maioritariamente estudados polo alumnado procedente do bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía.
- Unha ampla maioría cursou o Bacharelato en centros públicos (87.3%).
- A nota media de acceso ao grao de ADE foi 10.84, sendo a nota máis elevada un 13.48 e a máis baixa un 6.57. A nota media é lixeiramente superior no caso das mulleres (11.18 fronte a 10.36).
- A nota media de acceso é semellante para os tres tipos de Bacharelato cunha diferenza máxima de 0.62 puntos.